



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

galicia

Asunto Autorización Logotipo  
Ref: ME/EGV/mjgb

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 30/03/2015 09:38:53

SAÍDA 29479 / RX 401061



ASOCIACIÓN DE AVICULTORES DE RAZA  
GALIÑA DE MOS (AVIMOS)  
Pazo de Fonefiz  
32152 Coles (Ourense)



Achégolle resolución da directora xeral de Produción Agropecuaria, autorizando o uso do logotipo "Raza Autóctona" para os produtos da especie de gando avícola autóctono da raza Galiña de Mos, de acordo co establecido no artigo 3 do RD 505/2013, do 28 de xuño.

Santiago de Compostela 27 de marzo de 2015

A xefa do servizo de Control da Calidade Alimentaria

  
Elva González Vidal





**RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN SOLICITADA POLA ASOCIACIÓN DE AVICULTORES DE RAZA GALIÑA DE MOS (AVIMOS) RELATIVA O USO DO LOGOTIPO “RAZA AUTÓCTONA ” NOS PRODUTOS DA ESPECIE DE GANDO AVICOLA AUTÓCTONO DA RAZA GALIÑA DE MOS, AO AMPARO DO REAL DECRETO 505/2013, POLO QUE SE REGULA O USO DO LOGOTIPO “RAZA AUTÓCTONA” NOS PRODUTOS DE ORIXE ANIMAL.**

### **ANTECEDENTES**

A Asociación de Avicultores da raza Galiña de Mos (AVIMOS) con CIF G 32278251, e enderezo social en Pazo de Fontefiz, 32152. Coles. Ourense, presentou o 17 de novembro de 2014 ante a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, para a súa aprobación , o “Prego de condicións para a utilización do logotipo “Raza Autóctona” para os produtos da raza Galiña de Mos” de acordo co Real Decreto 505/2013, de 28 do xuño.

Con posterioridade, o 25 de febreiro de 2015, a mesma asociación AVIMOS, presentou un novo prego de condicións, que sería o prego de condicións definitivo para o que se solicita a aprobación.

### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.**

O Real Decreto 505/2013, de 28 de xuño, polo que se regula o uso do logotipo “raza autóctona” nos produtos de orixe animal, establece que o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente cedera o uso do logotipo “raza autóctona” as asociacións de criadores de animais de razas autóctonas. Estas asociacións elaboraran un prego de condicións para o uso de dito logotipo e deberan presentalo para a súa aprobación ante a autoridade competente.

O artigo 2 do RD 505/2013, establece que a autoridade competente son os órganos competentes da comunidades autónomas. De acordo co establecido no Decreto 132/2014, do 2 de outubro, polo que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, a competencia para ditar esta resolución corresponde a directora xeral de Producción Agropecuaria, en consecuencia:



**RESOLVO**

Aprobar o prego de condicións presentado pola **Asociación de Avicultores da raza Galiña de Mos (AVIMOS)** autorizando o uso do logotipo "Raza Autóctona" para os produtos da especie de gando avícola autóctono da raza Galiña de Mos, de acordo co establecido no art. 3 do RD 505/2013, de 28 de xuño.

A asociación deberá de cumprir as obrigas que se recollen no Real Decreto 505/2013, de 28 do xuño e mais concretamente as detalladas no seu artigo 6.

Contra a presente resolución que non pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, no prazo DUN MES contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2015  
A directora xeral de Producción Agropecuaria



Patricia Ulla Alonso